

Que é a fase de saída ao mercado?

É o **asesoramento técnico especializado** a tódalas persoas participantes no Plan Integral de Agricultura Ecolóxica para crear empresas no rural vinculadas á agricultura ecolóxica.

As persoas que queiran reconverter a súa explotación, diversificar a súa actividade ou ben por en marcha unha nova empresa, contarán con asesoramento continuo e especializado, dende a mesma concepción da idea, hasta a súa saída ao mercado. Terán ademais á súa disposición un canal de comercialización: a plataforma de comercio electrónico www.losproductosdelugo.com

Por que?

Porque a posta en marcha dunha empresa non é nada doado, faremos unha valoración inicial da idea e das calidades como emprendedor/a.

Non basta con crear unha empresa, hai que asegurarse anticipadamente da súa viabilidade e do seu futuro. A parte de ter unha idea xenial, é importante madurala, comprobar a súa viabilidade, asegurar o seu futuro e poñela en práctica.

Para que?

O motivo último desta fase de saída ó mercado é o de crear emprego e fixar poboación no rural.

Queres crear unha empresa relacionada coa agricultura ecolóxica?

Nos axudamoste !!

Solicita máis información en:

Teléfono 982 886 349
Horario L-X: 9-14 h. e de 16-19 h.
V: 9-15 h.

www.planintegralagricola.info
piagricultura@deputacionlugo.org

Creación dunha empresa

-Escritura pública
Certificación negativa de denominación (razón social)

PLAN INTEGRAL PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE NO SECTOR AGRÍCOLA, CANDEIRO E AGROFORESTAL

O proceso de constitución e posta en marcha dunha entidade non é nada fácil xa que hai moitos trámites que realizar para formalizar dita constitución.

TRÁMITES PARA A CREA- CIÓN DUNHA EMPRESA

1. Certificación negativa de denominación (razón social).

Comezaremos solicitando un certificado acreditativo da non existencia doutra Sociedade co mesmo nome da que pretendes constituír.

2. Escritura pública

Prepararemos a documentación necesaria, explicarémosche os pasos necesarios e acompañarémote á notaría para a súa constitución.

3. Liquidación do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Chegados a este punto, e antes de 30 días dende a escritura pública, liquidaremos o modelo 600 (imposto que grava as transmisións patrimoniais onerosas, operacións societarias e actos xurídicos documentados) na entidade bancaria ou rexistro correspondente.

4. Solicitud do número de identificación fiscal (NIF)

Solicitaremos o NIF na Axencia Tributaria. Primeiro obterás un NIF provisional, e posteriormente o NIF definitivo (no prazo máximo de 6 meses dende a obtención do provisional).

5. Inscripción no Rexistro Correspondente

Unha vez outorgada a Escritura Pública de Constitución, procederemos á inscrición da Sociedade no Rexistro Correspondente (mercantil, da propiedade, da consellería de traballo, etc.). A partir dese momento a Sociedade adquire plena capacidade xurídica.

6. Alta Censual

Chegado o momento do inicio da actividade e sempre con carácter previo, deberemos comunicalo á Axencia Tributaria mediante unha declaración censual (alta no Imposto de Actividades Económicas). Dende este instante a empresa queda incorporada no censo de empresarios e profesionais.

A partir de este momento a túa empresa xa está en funcionamento, e comeza a súa andadura no mundo empresarial.

Animo e moita sorte!!!

